

PROGRAMACIÓN DOCENTE

DAR MÁIS VIDA Á VIDA. CONVIVENCIA E RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS

CURSO 2018-2019

ESQUEMA XERAL

- I. Datos descritivos da materia
- II. Contexto da materia
- III. Obxectivos xerais
- IV. Adquisición de destrezas e habilidades
- V. Volume de traballo
- VI. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- VII. Metodoloxía docente
- VIII. Elaboración de traballos complementarios
- IX. Avaliación da aprendizaxe

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.

Nome da materia	Dar máis vida á vida. Convivencia e resolución pacífica de conflitos
Código	IV20509
Tipo (M/O/AC):	O
Curso aconsellado	3º
Créditos totais	1.5
Horas totais de traballo da/o estudante	37.5
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	2º
Ámbito (H/T/XS/CS)	XS

Tipo: M=materia, O=obradoiro, CA=actividade complementaria

Ámbito: H=humanidades, T=tecnolóxico, XS=xurídico-social, C=científico, CS=ciencias da saúde

I.1. Profesor: Carlos Vila

Profesor coordinador da materia: Carlos Vila

Profesor	Créditos (especificar A, P ou V)	Horario titorías (2 h/semana)	Lugar	Lingua
Carlos Vila	1.5 A		Escola de Enxeñería Forestal	

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

I. 2. Data oficial dos exames finais

https://seix.uvigo.es/uv/web/maiores/page/ci_calendario

I. 4. Coñecementos previos para cursar a materia

Non se necesitan coñecementos previos.

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO PROGRAMA

A convivencia pacífica entre as persoas representa un dos aspectos centrais para acadar unha vida digna, e repercute positivamente sobre a saúde física e psíquica das persoas. Porén, a erradicación completa do conflito non resulta posíbel, nin tan sequera recomendábel, xa que o conflito baixo unha forma funcional pode derivar en consecuencias positivas e desexables. O problema aparece cando se torna en disfuncional e destrutivo, co risco de alterar negativamente as relacións e, xa que logo, a convivencia pacífica entre as persoas. Ante conflitos de tal natureza, o emprego axeitado de estratexias eficaces e pacíficas de resolución contribúe a acadar unha solución óptima e potencialmente enriquecedora para un novo estado da convivencia entre as partes involucradas. Por tanto, con esta materia perséguese inculcar o importante papel que xogan a convivencia e o conflito na experiencia humana, fornecendo ao alumando de estratexias eficaces e pacíficas de resolución que, en boa medida, poden ser aplicábeis a súa vida cotiá.

III.- OBXECTIVOS XERAIS

Coñecer o importante rol que a convivencia e o conflito xogan sobre a experiencia humana e as estratexias eficaces de resolución de conflitos.

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Espérase do alumnado que:

1. Manexe adecuadamente os conceptos de convivencia e conflito.
2. Coñeza os factores que facilitan a convivencia entre persoas, así como os obstáculos a mesma.
3. Aplique estratexias educativas dirixidas a educar na convivencia
4. Identifique as principais causas do conflito e as súas fases.
5. Aplique estratexias negociadoras eficaces na resolución de conflitos.
6. Aplique a técnica de mediación para a resolución de conflitos.

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fóra da aula	Factor de traballo do alumnado	Horas de traballo persoal do alumnado	Horas totais do alumnado	Créditos
Clase maxistral	6	0	1.5	9	15	0.6
Prácticas	9	0	1.5	13.5	22.5	0.9
Exame		0				
Total	15	0		22.5	37.5	1.5

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	A convivencia 1.1. Concepto e marcos de convivencia. 1.2. Os contidos da convivencia. 1.3. Obstáculos para a convivencia. 1.4. Educar para a convivencia desde a familia.	2 horas
2	O proceso de conflito e estratexias para o seu manexo 2.1. Concepto e tipos de conflito. 2.2. Causas do conflito. 2.3. Etapas no proceso de conflito. 2.4. Estratexias para o manexo do conflito. 2.5. O papel da comunicación.	3 horas
3	A negociación 3.1. Estratexias e tácticas negociadoras. 3.2. A negociación. 3.3. Dificultades para o éxito da negociación.	2 horas
4	Mediación 4.1. A figura do mediador e competencias necesarias. 4.2. Técnicas de mediación. 4.3. Estratexias e ferramentas no proceso de mediación. 4.4. Mediación familiar.	2 horas

Programa práctico

Tema	Contidos	Duración
1	Aplicación práctica da Negociación: Role playing dun proceso de resolución de conflito mediante a negociación.	3
2	Aplicación práctica da Mediación: Role playing dun proceso de resolución de conflito mediante a mediación.	3

Bibliografía básica

- Jares, X. R. (2006). *Pedagogía de la convivencia*. Barcelona: Graó.
- Pillado, E., y Fariña, F. (2015). *Mediación Familiar. Una nueva visión de la gestión y resolución de conflictos familiares desde la justicia terapéutica*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- Munduate, L., y Medina, F. J. (2006). *Gestión del conflicto, negociación y mediación*. Madrid: Pirámide.

Bibliografía complementaria

- Cornelius, H. (2003). *Tú ganas, yo gano, todos podemos ganar: cómo resolver conflictos creativamente*. Madrid: Gaia.
- Ovejero, B. (2005). *La convivencia sin violencia: recursos para educar*. Sevilla: Mad.
- Poyatos, A. (2003). *Mediación familiar y social en diferentes contextos*. Valencia: Nau Llibres.

Torrego, J. C. (2006). *Modelo integrado de mejora de la convivencia: estrategias de mediación y tratamiento de conflictos*. Barcelona: Graó

Vallejo, D., y Guillén, C. (2008). *Mediación. Proceso, tácticas y técnicas*. Madrid: Pirámide.

VII.- METODOLOXÍA DOCENTE

Para o desenvolvemento do programa teórico acudirase á metodoloxía de “sesión maxistral” que consiste na exposición por parte do profesor de contidos sobre a materia obxecto de estudo. Asemade, co obxectivo de favorecer a aprendizaxe significativa levaranse a cabo sesións prácticas que consistirán na aplicación da estratexia de “role playing”. Deste xeito, realizaranse simulacións nas que porán en práctica estratexias de resolución de conflitos, concretamente, a negociación e a mediación.

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

As clases expositivas avaliaranse mediante unha proba obxectiva, atendendo ao dominio dos contidos da materia. Esta proba consistirá nun exame tipo test no que o alumnado terá que seleccionar unha resposta entre un número limitado de alternativas. A puntuación alcanzada representa un 60% da puntuación global, isto é, seis puntos.

Pola súa parte, as clases interactivas representarán un 20% da puntuación global, quer dicir, dous puntos; e avaliaranse mediante a calidade da posta en práctica das estratexias de negociación e mediación nas sesións de role playing.

O 20% restante da puntuación global (20%) corresponde coa asistencia as sesións teóricas e prácticas.

IX.- OBSERVACIÓNS